

# O ANO PASADO EN MARIENBAD

# 1501

Alain Resnais, 1961

ESTREA EN NUMAX: 14.04.2025 | V.O.S.G. | 91 min

Nun barroco hotel, un estraño, X, tenta persuadir unha muller casada, A, de que abandone o seu marido, M, e marche con el. Baséase nunha promesa que ela lle fixo cando se coñeceron o ano anterior, en Marienbad, pero a muller parece non lembrar aquel encontro.

O pase inclúese no ciclo De Lugares e Órganos e vai contar con presentación e coloquio a cargo dos responsables da actividade. O filme proxectarase con subtítulos ao galego grazas ao traballo de Traduzebra e o apoio de De Lugares e Órganos.



# O ANO PASADO EN MARIENBAD

Alain Resnais, 1961

EUROPA  
CINEMA  
Creative Europe MEDIA

## Unha experiencia chea de beleza e emoción

Por Bosley Crowther

Prepárense para unha experiencia cinematográfica como nunca antes teñan visto ao sentarse a ver *O ano pasado en Marienbad*, de Alain Resnais, unha película francesa verdadeiramente extraordinaria. Pode que che contaxie o seu estraño encantamento, que deixe a túa mente o os teus sentidos vagamente perdidos. Pero cando te afastes dela sentirás que gozaches (ou sufriches) unha experiencia única e intensa.

A trama está baseada nun guión radicalmente construído por Alain Robbe-Grillet e nela non hai unha exposición lúcida do comportamento humano como veríamos na dramaturxia convencional. Un exemplo revelador é o uso do dispositivo cinematográfico como excitador da imaxinación dun xeito similar ao que xeraría un poema lírico ou as coloracións tonais e os ritmos dunha boa sinfonía. Para quen isto escribe o filme non debe tomarse como o que aparenta ser, é dicir, unha imaxe surrealista dun encontro romántico entre un home e unha muller casada, que se coñecen nun balneario europeo e se deixan levar por unha aventura que, segundo a versión del, xa comezara o ano anterior.

Ao meu ver o fluxo de estímulos sensoriais xera unha rede de imaxinación total, unha visualización dos pensamentos, asociacións mentais, desexos e fantasías que se arremuiñan na mente deste home baixo o feitizo dun elegante palacio que evoca todo tipo de romanticismos. Suxírenos, mentres nos deixamos guiar por el, que contemplemos as paredes decoradas, o salón de xente formal, unha ríxida representación do “Rosmersholm” de Ibsen, cheo de frías e embalsamadas emocións que viviron e morreron aquí nunha época pasada. E ao recoller a muller casada, o seu soño de amor, e emprender a súa busca, suxire que o tempo e as emocións non teñen inicio nin final, senón que xiran en campos gravitatorios que arrodean as cuestións materiais e magnetizan as persoas sensibles que entran nestes campos. Como consecuencia de todo isto, non hai continuidade temporal no filme. As imaxes mudan, saltan, invírtense, viran fantásticas, mentres o home continúa a súa busca, implorando, lembrando, sempre nun intento desesperado por fuxir da tensión que xera a soidade e o desexo.

Boa parte da maestría deste filme reside na súa brillante fotografía, no branco e negro e nunha pantalla radicalmente ancha, na súa suntuosa ambientación e posta en escena (a meirande parte rodouse nun palacio e un parque próximos a Munich), no seu hipnótico fluír rítmico e no uso de actores como se fosen modelos do marco arquitectónico. Delphine Seyrig como a muller, Giorgio Albertazzi como o home e Sacha Pitoëff como o marido fan o resto.

A música de Francis Seyrig, principalmente para órgano, posúe unha cualidade lírica e triste e a narración en francés é poética. Non estamos ante un filme que transmita unha mensaxe, senón ante unha excursión romántica ou se cadra mesmo unha parodia seria de si mesma. En suma, unha experiencia chea de beleza e emoción.

Publicado en The Screen o 8 de marzo de 1962



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*L'Année dernière à  
Marienbad,*  
Alain Robbe-Grillet.  
Minuit, 2015

**NUMAX** 10  
[numax.org](http://numax.org) 10